

ESTREA EN NUMAX: 04.03.2016 | V.O.S.E. | +7

## FICHA TÉCNICA

Janis: Little Girl Blue (2015, 105')

**Dirección:** Amy Berg

**Guión:** Amy Berg

**Participación:** Janis Joplin, Cat Power, Peter Albin, Dick Cavett, D.A. Pennebaker, Sam Andrew, Karleen Bennett, John Cooke, David Dalton

**Montaxe:** Mark Harrison, Maya Hawke, Billy McMillin, Garret Price, Brendan Walsh

**Fotografía:** Francesco Carrozzini, Jenna Roshier

**Son:** Alexander Verbitskiy

**Produtora:** Disarming Films, Jigsaw Productions (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.78:1

## PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2015, estrea mundial. Toronto 2015, TIFF Docs. Beefeater InEdit, filme de clausura. Dock of the Bay, sección exhibición.

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Prophet's Prey*, 2015

*Every Secret Thing*, 2014

*Un secreto a voces*, 2014

*West of Memphis*, 2012

*Líbranos del mal*, 2006

«Demostrando bo criterio, só falan os que teñen algo que contar. Un documental que prefire a intimidade ao golpe de efecto»

Manu Piñón, CINEMANÍA

## SINOPSE

Homenaxe a unha artista que se converteu en lenda grazas á súa mestura de rock e blues, a súa poderosa voz e a súa condición de grande estrela do rock. Ademais foi unha muller que logrou ser unha icona feminina dos 60 e que se fixo tristemente célebre por formar parte do clube dos 27 debido á súa prematura morte.



# JANIS

[Amy Berg, 2015]

## Entrevista con Amy Berg

Por Katherine Cusumano

**Por que Janis?** Ben, e por que non? [risas] Janis merecía ter o seu propio filme. Coido que a súa lembranza hoxe en día está máis relacionada coa súa morte que coa súa vida e eu quería asegurarme de que a xente soubese quen era Janis, como muller e como estrela do rock. Ela foi basicamente a primeira muller no rock'n'roll e tivo que atravesar sucesivos muros para construír un camiño que, máis tarde, transitaron moitas mulleres até os nosos días. Tivo unha influencia directa no movemento das mulleres dun xeito diferente ao habitual. Ela era feminista sen necesidade de dicilo a cada pouco.

**O feminismo agromaba de seu a través da súa conduta.** Si, non afeitaba as axilas, non levaba suxeitador e era o máis ousada posíbel nos escenarios. Como muller ela quería todo e buscou a maneira de acadalo. Era auténtica. Non había nada falso nela e deuno todo. Coido que aínda resoa forte. A súa música non pasou de moda, non soa desfasada. A súa historia pode comunicar por diferentes razóns con todo mundo, coa xente que non saiba nada dela, cos que son grandes fans, con mulleres, cineastas, cantantes ou aqueles que simplemente a coñecen por unha canción que lles gusta...

**Achegácheste ao filme cunha perspectiva previa na mente?** Empecei por ler as cartas de Janis e ese foi o ángulo desde o que emprendín o proxecto, conseguir que fose ela quen contase a súa propia historia. Non sabía moito. Lera *Buried Alive* sendo nova e desde logo que estaba influenciada pola súa música, mais non sabía que tipo de muller era. Iso era o que quería enxergar.

**Tentar que Janis narrase a historia sen tela a ela para contalo. Como resolviches iso?** Mirei de todo, lin todas as súas cartas, falei coas súas amizades. Tentei entendela o mellor que puiden. Entrei na súa historia con algúns clixés na cabeza. Todo mudou logo de falar coa xente que a rodeaba e decatarme axiña de que os meus preconceptos eran inxustos e decidín tentar mudalos.

**Que é o primeiro que fas cando tes unha idea?** Teño unha grande obsesión co proceso investigador e non podo parar. Quero atopar todo o material posíbel, leo e vexo de todo.

**En que momento pensas que a cousa comeza a coller xeito?** Nunca. É algo estraño. Teño un lote de ideas que non collen forma mais cando xa parece que non hai saída algo acontece que me leva a rematar o traballo. Confío moito no meu instinto durante todo o proceso.

**Moitos dos teus traballos anteriores céntranse en denunciar algunha caste de explotación ou inxustiza social. Como encaixa Janis no resto da túa obra?** A cuestión para min, ao igual ca no resto dos meus filmes, é dar coa voz narrativa atinada e mantela ao longo de todo a película. Coido que os anos de formación son os máis importantes para calquera persoa. De nena, Janis era intimidada e aldraxada acotío, o que minou a súa autoestima nos momentos nos que tentaba atopar a súa voz. Ela foi quen de transformar a dor en arte e esa é a mensaxe importante. Foi quen de ceibar a súa música lonxe da súa profunda dor. No filme pódese ver esa transformación. A escena do Monterey Pop é moi importante para min porque amosa no escenario como se atopaba ela interiormente.

**Hai unha frase xenial que di, «cando remata o espectáculo, o público marcha e ti quedas alí, soa contigo mesma». Semella que ese sentimento atópase encapsulado no filme.** Totalmente. O tema da soidade é moi importante para Janis. Cando entrevistei a Pink expresouno moi ben. Dixo que cando vai de xira están sós ela, Deus e 20 ou 50.000 fans, co que a experiencia é realmente incríbel. Mais ao remate sobe ao bus, prende unha vela, colle unha botella de viño, olla o reloxo e tenta relaxarse para ir durmir e erguerse pola mañá para facer o mesmo outra vez.

Extraído de: <http://www.interviewmagazine.com/film/amy-berg-janis-little-girl-blue/>  
Tradución: Xan Gómez Víñas

### NA NOSA LIBRARÍA

**Janis Joplin. Alice Echols**  
Circe Ediciones, 2001  
**Janis Joplin. Mariano Muniesa**  
Cátedra, 2002

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)